

## ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise saber que o alcalde ditou a seguinte

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER o Decreto 150/2023, do 25 de decembro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 243 do 26 de decembro de 20023.

LOGO DE VER que de acordo co previsto no artigo 26.4 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral (LOREG), corresponde efectuar o sorteo para a designación dos membros das mesas electorais, entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria, e que polo segundo estas previsións, corresponde efectuar o sorteo para a designación dos membros das mesas electorais, entre os días 20 e 24 de xaneiro de 2024.

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26.06.2023, acordou celebrar sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas; agás os plenos a celebrar o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023

CONSIDERANDO que conforme a isto o pleno ordinario da Corporación correspondería a súa celebración o día 25 de xaneiro de 2024 e que polo tanto isto implicaría a realización de dúas sesións plenarias (sorteo de mesas electorais e sesión ordinaria) apenas separadas no prazo de un día, co custe económico que iso suporía para as arcas municipais. Consultados os voceiros dos diferentes grupos municipais e manifestando eles a súa conformidade a variar a data de celebración do pleno ordinario a fin de que no mesmo se poida realizar o sorteo das mesas electorais en prazo.

TENDO EN CONTA todo o sinalado e pola competencia que me atribúe o artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local pola presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.** CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o:

Día: 23/01/2024

Hora: 08:30 h. a 1.ª convocatoria e ás 08:30:00 h. a 2.ª, dous días despois

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

- SORTEO DOS MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DE GALICIA DO 18 DE FEBREIRO DE 2024, CONFORME AO ARTIGO 26 DA LOREG.

## I PARTE RESOLUTORIA

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 30/11/2023. Acta 13/2023. .

2.- Exp. 2023/E001/000006. Elección do xuíz de paz titular.

## II PARTE DE CONTROL

3.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 1619/2023 do 24/11 ata a 53/2024 do 17/01.

4.-Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 24/11 ata o 17/01.

5.-Dación de conta do expediente 2023/T004/000004 de prórroga do orzamento 2023 para o exercicio económico 2024.

6.- Mocións dos Grupos municipais.

7.- Rogos e preguntas.

**SEGUNDO.** NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, REMITÍNDOLLES minuta das actas que se levan a aprobación e unha copia das propostas de acordo dos asuntos incluídos na orde do día, así como unha relación dos decretos dos que se da conta e dos reparos de intervención, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

**TERCEIRO.** PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal.com/abrircms/g/> ) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**CUARTO.** DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo secretario.  
Federico Suárez Cancelo.